

# Manual aplicación BBVA SmartPay

## POSTA EN MARCHA DA APLICACIÓN

Para acceder á aplicación introduce as credenciais que che enviamos por correo electrónico.



## REALIZAR UNHA VENDA

Así que te identifiques, a aplicación levarate á pantalla principal, a pantalla para realizar vendas. Este terminal acepta pagamentos con tarxeta e con códigos QR en función da forma de pagamento configurada (véxase o apartado de configuración da opción "Forma de cobramento").


Introduce o **importe** da venda e preme sobre o botón de **cobrar**.

- Se queres, podes engadir unha descrición
- E se necesitas máis artigos preme sobre o botón de engadir máis importes



## REALIZAR UNHA DEVOLUCIÓN

As devolucións realízanse desde a opción do Historial de operacións. Busca a operación que queiras devolver na pantalla do historial, entra no detalle da operación e verás a opción de devolución.



Introduce o importe que vas devolver (pódense realizar devolucións parciais) e preme en aceptar.

## MENÚ BBVA SMARTPAY

Dispós dun menú lateral con diferentes opcións para navegar polas distintas funcionalidades da aplicación. As opcións dispoñibles son:

- Venda
- Historial de operacións
- Informes
- Configuración

## CONFIGURACIÓN

Dentro deste apartado disporás das seguintes opcións:

- 1. Acceso automático.** Permite axilizar o proceso de login sen obrigar a introducir usuario e contrasinal en cada acceso.
- 2. Forma de cobramento.** Escolle como queres realizar os cobramentos por defecto entre estas opcións:
  - Aceptar unicamente cobramentos con tarxeta
  - Aceptar unicamente cobramentos con código QR de Alipay ou WeChat Pay
  - Preguntar sempre ao realizar un cobramento calquera das opcións anteriores

Se elixes a opción “Preguntar sempre” cando realices unha venda, antes de procesarse o pagamento, a aplicación mostrará esta pantalla para que escollas o método de pagamento.

